

(MATERIA LIBRE CONFIGURACIÓN PARA 4º DE PRIMARIA)

XOGOS E DANZAS POPULARES E TRADICIONAIS DE GALICIA.

ÍNDICE.

- 1. XUSTIFICACIÓN.**
- 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
- 3. OS CONTIDOS A TRABALLAR.**
- 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA.**
- 5. METODOLOXÍA E APLICACIÓN PRÁCTICA.**

1. XUSTIFICACIÓN.

- A necesidade de darlle un **enfoque competencial** ó tratamento do currículo (metodoloxía)

- Os **obxectivos de etapa** que queremos conseguir:

Coñecer os aspectos fundamentais da cultura Galega e valorar as súas singularidades culturais. Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que lles permitan aos alumnos desenvolverse nos grupos sociais en que se relacionan.

Utilizar a educación física como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social

- Será unha maneira de traballar os **elementos transversais** do artigo 11 do decreto 105/2014: resolución pacífica de conflitos, identificación de comportamentos estereotipos e contidos sexistas, traballo en equipo e confianza nun mesmo. Todo isto estase a avaliar fundamentalmente na área de valores sociais e cívicos e fóra do contexto práctico.

- Será unha das medidas a tomar polo centro para desenvolver o artigo 20 do decreto 105/2014: dentro do proxecto educativo do centro promoverase un **estilo de vida saudable** no que se indica que debe **fomentarse a práctica diaria de deporte e exercicio físico** por parte dos alumnos e as alumnas durante a xornada escolar.

A materia estará estruturada de xeito similar ás demais materias do currículo.

Non é unha materia nova, senón unha materia que **reforza contidos de cuarto** de primaria e contidos comúns a acadar na etapa.

Pártese dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe existentes no currículo de cuarto de primaria en diferentes materias. Algúns deles están modificados para adaptalos aos obxectivos desta materia. Os estándares de aprendizaxe serán os que marquen a avaliación final e a consecución de obxectivos.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ou os aspectos a conseguir polo alumnado serán os seguintes:

RELACIONADOS COA EDUCACIÓN FÍSICA:

- Buscar, presentar e compartir información relacionada coa área utilizando as Tics como recurso de apoio.(CD, CCL,CAA)
- Recoñecer os efectos do exercicio físico sobre a saúde.(CSC, CAA)
- Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.(CSC, CAA,CCEE)
- Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.(CSC, CAA)

RELACIONADOS COAS CIENCIAS SOCIAIS:

- Valorar a diversidade cultural do Estado Español respectando as diferenzas. (CSC)
- Desenvolver a curiosidade e a valoración do noso patrimonio cultural.(CSC, CCEC).

RELACIONADOS CON VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

- Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respetuosas.(CSC, CSIEE)
- Resolver problemas en colaboración compartindo puntos de vista e sentimentos. (CSC, CSIEE)

RELACIONADOS COA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (MÚSICA):

- Realizar pequenas coreografías de danzas galegas.(CSC, CCEC)
- Coñecer e valorar as posibilidades de movemento e expresivas do corpo.(CCEC)

RELACIONADOS COA LINGUA GALEGA

- escoitar, memorizar e reproducir textos procedentes da literatura popular oral galega nun contexto de xogos e danzas populares galegas.(CCL, CAA,CCEC)

CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Está delimitada polos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Sobre todo contribúe a desenvolver as competencias

- Social e Cidadá.
- Conciencia e expresións culturais.
- Sentido de iniciativa (e Espírito Emprendedor).
- Competencia en Comunicación Lingüística.* (en menor medida)
- Competencia Dixital* (En menor medida)

3. OS CONTIDOS A TRABALLAR SERÁN OS SEGUINTEs:

- Busca de información relacionada coas danzas e xogos populares galegos e integración das Tics no proceso de aprendizaxe (webquest).
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa (tempo de ocio).
- O xogo como elemento da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.
- Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas na natureza.
- Manifestacións e patrimonio cultural de Galicia.
- A responsabilidade respecto a un mesmo e as demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.
- Condutas solidarias. Dinámicas de cohesión do grupo.
- Interpretación dun repertorio de pequenas coreografías propias da cultura galega.
- escoita e reprodución de textos procedentes da literatura oral galega relacionados con danzas e xogos populares galegos.

4. A PARTIRES DO ANTERIOR DELIMITAMOS OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS DA MATERIA.

- Utiliza as novas tecnoloxías de maneira axeitada á tarefa que se lle solicita.
- Presenta os traballos que se lle solicitan con orde e limpeza.

- Recoñece os xogos e o baile como elementos beneficiosos para a saúde e o tempo de lecer.
- Recoñece a orixe e importancia dos xogos e danzas populares galegas.
- Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas.
- Realiza distintos xogos populares galegos seguindo as regras básicas.
- Utiliza os espazos naturais de forma axeitada ás condicións dos xogos.
- Escoita e reproduce textos procedentes da literatura oral galega en contextos de xogo e danza popular galega.
- Recoñece a diversidade cultural de Galicia como fonte de enriquecemento cultural.
- Asume a responsabilidade de coidar e transmitir o patrimonio cultural galego.
- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para conseguir logros comúns.
- Asume a súa responsabilidade individual formando parte activa durante as actividades.
- Establece e mantén relacións emocionais baseadas no afecto e confianza mutua.

A **avaliación dos estándares** realizarase a partir de **rúbricas** que se completarán seguindo os instrumentos de avaliación que se establezan en cada Unidade Integrada que os traballe.

5. METODOLOXÍA E APLICACIÓN PRÁCTICA.

A metodoloxía a aplicar será unha metodoloxía baseada en **Unidades Didácticas Integradas** que permita un enfoque competencial no que as actividades axuden a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a igualdade de xénero, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas e a aceptación de regras establecidas.

Será unha metodoloxía **baseada no xogo e a actividade física** como elementos motivadores.

O traballo dividirase en dúas Udis que terán sobre 18-20 sesións para desenvolverse. Aínda que terán aspectos común, a primeira centrarase nas danzas tradicionais galegas e a segunda nos xogos populares e tradicionais de Galicia.

As dúas UDIs terán as súas correspondentes tarefas, actividades e exercicios. Reflexarase tamén a xustificación, agrupamentos, recursos, temporalización, estándares de aprendizaxe e rúbricas. Ambas terán un ou varios produtos finais que serán os instrumentos de avaliación do alumnado.

A avaliación da asignatura será trimestral (así o marca a lei). Defínirase na **programación anual** os **estándares** coas súas correspondentes **rúbricas**. Defínirase tamén os **indicadores de logro** para ver se as actividades propostas responden á consecución dos obxectivos propostos.